



COMPETENCIAS DO ENL E MEDIDAS BÁSICAS

QUE DEBE POÑER EN MARCHA

1. As competencias dos Equipos de Normalización Lingüística.

Os dous Decretos citados outórganlle as mesmas competencias ós ENL, tanto nos centros de Infantil-Primaria como nos de Secundaria. Estas competencias son:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.

2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:

a) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.

b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

4. Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.

5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

(...) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

2. As medidas básicas que debe adoptar un ENL.

1. Despois de constituírse de acordo coa normativa en vigor, o ENL debe conseguí-los medios necesarios para o seu funcionamento:

a) que a súa existencia se contemple dentro do organigrama do centro, prevéndose tempos e espazos para as súas reunións.

b) que se destine unha partida para o Equipo dentro do reparto presupostario. Este orzamento do ENL debe ser independente das posibles subvencións que posteriormente poida recibir.

2. Establecer contactos, para posibles colaboracións, cos ENL doutros centros do contorno. Deste xeito evítase o illamento, que conduce a crer que os problemas que un ten son específicos do centro. Ademais, sempre se poden compartir ideas e materiais, así como estudia-la posible realización de actividades e campañas de modo conxunto.

3. Establecer un plano de formación interno para os membros do Equipo. Facerse cunha pequena biblioteca sobre sociolingüística. Invitar a que a utilicen ós restantes membros da comunidade educativa.

4. Establecer un calendario de reunións que sexa realista e que resulte operativo. Ter flexibilidade e adaptalo ás necesidades que vaian xurdindo. Evitar que as reunións do ENL sexan un "comodín", que se pode cambiar en función das necesidades doutras reunións, presuntamente máis "importantes".

5. Facer un inventario dos recursos cos que conta o ENL, tanto humanos (internos e externos) como materiais (do centro, doutros organismos educativos, do Concello, etc.).

6. Facer unha análise do estado actual da situación lingüística do centro. Esta análise é imprescindible para constata-los avances ou retrocesos respecto ó curso anterior e para poder deseña-los posibles avances que se van fixar como obxectivos a acadar.

Unha vez feito isto, é cando se pode aborda-lo plano xeral para o uso do idioma que sinala a lei. No plano deben aparecer propostas que modifiquen a situación actual, propondo un avance normalizador.

Esas propostas de actuación deben ser progresivas e coherentes, acordes cos recursos humanos e materiais de que se dispoña. Na medida do posible, deben ir acompañadas da correspondente temporalización.

3. O ENL como impulsor do uso da lingua galega no centro.

Da actual normativa, dedúcese que o ENL debe traballar principalmente en dúas direccións, recollidas no plano xeral para o uso do idioma:

- a potenciación do uso do galego nas actividades do centro.
- a mellora da competencia lingüística e a valoración positiva do uso da lingua entre os membros da comunidade educativa.

Centrémonos agora na primeira liña deste traballo, deixando a análise da segunda para as páxinas que seguen.

É doado entender por que se lle asigna ó ENL este traballo. Hoxe, vemos que a lingua galega aínda non ten un uso normalizado na nosa sociedade, e tampouco en moitos centros de ensino. Se queremos que iso non sexa así, cómpre estimular o seu uso en tódolos contextos e para tódalas funcións, xa que só dese xeito recuperará o prestixio social que faga posible a desaparición dos prexuízos.

Por outra banda, tal como sinala a Lei de Normalización e se reitera no Decreto de 1995 que regula o uso do galego no ensino, o sistema educativo ten un obxectivo lingüístico principal, como é o de que os nosos rapaces e rapazas acaden, ó longo da escolaridade, unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. Pero sabemos que a competencia nunha lingua só se adquire se se usa nas máis diversas situacións comunicativas. Para as rapazas e rapaces, moitas desas situacións danse no contexto escolar, que constitúe un espacio de socialización de gran importancia. De aí a necesidade de que ese ámbito estea galeguizado, unha necesidade que é máis intensa se hai unha escasa presenza do galego no ambiente familiar ou social.

5.1. *Un repertorio de actuacións para potencia-lo uso do galego.*

A) *Referidas a aspectos visuais e documentais do centro.*

- * Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc.
- * Emprega-lo galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados, etc.
- * Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- * Ter en galego os cuños empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os de rexistros de entrada e saída, da biblioteca, etc.

B) *Referidas ó emprego do galego nos usos cotiás.*

- * Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- * Usa-la lingua galega en tódolos actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, conferencias, etc.
- * Emprega-lo galego na megafonía, actividades extraescolares, etc.

C) *Referidas ó fomento do uso do galego.*

- * Editar en galego a revista e outras publicacións do centro.
- * Promove-la creación no centro dunha emisora de radio, coidando que os seus contidos sexan sempre en galego.
- * Ter ben dotada de libros en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula, fomentando o seu uso e a súa lectura.
- * Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- * Poñer ó alumnado en contacto coas raíces culturais de Galicia e coa realidade actual do país:
 - recuperar e potencia-las festas e os xogos populares.
 - recoller e espalla-la literatura popular.
 - realizar visitas de carácter didáctico que lles permitan coñece-la presenza da lingua na Galicia de hoxe, sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas.
- * Promover encontros e intercambios co alumnado doutras zonas, sobre todo daqueles centros que destaquen polo seu avance normalizador.
- * Impulsa-la formación de grupos de teatro, musicais, etc., que desenvolvan a súa actividade en galego.

4. A mellora da competencia lingüística e o uso do galego nas aulas.

Sabemos que unha persoa é competente nunha lingua cando é capaz de utilizala con corrección e eficacia nas diversas situacións comunicativas que se presentan na vida diaria.

Esta competencia maniféstase no dominio das catro capacidades sobre as que se sustenta: comprender - falar - ler - escribir.

A competencia nunha lingua conséguese mediante o seu uso. Os centros de ensino son

un lugar privilexiado para a súa adquisición; o seu papel é imprescindible, sobre todo nas capacidades ligadas á alfabetización (ler -escribir).

Por esta razón, o ENL debe asumir-lo labor de propoñer unha axeitada planificación lingüística que, a partir das indicacións da normativa legal sinalada no Decreto de 1995, regule a utilización da lingua galega nas aulas.

7.1. Un camiño para andarmos na boa dirección.

O labor normalizador realizado polo centro debe estar orientado a que os alumnos e alumnas desenvolvan unha competencia plena nas dúas linguas oficiais. Iso supón manter e consolida-la competencia na lingua familiar e, paralelamente, adquirir unha boa competencia na outra lingua.

O camiño que se siga non pode se-lo mesmo independentemente de cal sexa a situación de partida, dado que as dúas linguas non teñen a mesma situación social. Un alumno que teña como L1 o castelán non terá dificultades en manter esa lingua, presente na vida familiar e amplamente presente -e prestixiada- na vida social. Un alumno que teña como L1 o galego terá máis dificultades para manter e desenvolve-la competencia na súa lingua, dada a existencia de prexuízos e conductas sociais que non favorecen o seu desenvolvemento.

Os centros educativos deberán ter en conta esta situación, para defini-las súas actuacións dun xeito coherente. Tal como sinala o Decreto de setembro de 1995, o camiño pasa por utiliza-las dúas linguas como vehiculares, así como pola creación dun ambiente no centro que favoreza o emprego da lingua galega, algo que só é posible se se consegue que desaparezan os prexuízos propios da situación diglósica.

7.2. A planificación lingüística.

É unha evidencia que neste labor existirán puntos de partida diferentes, xa que diferente é a realidade lingüística dos centros.

Isto lévanos á conclusión de que debe haber camiños diversos para dar resposta a esas realidades diferentes. Estes camiños que cada centro debe definir, en función da súa realidade, é o que coñecemos como planificación lingüística: un conxunto de actuacións orientadas a un fin.

A planificación lingüística intégrase -é un dos seus apartados importantes- nos dous documentos esenciais para a vida do centro: o Proxecto Educativo de Centro (PEC) e o Proxecto Curricular de Centro (PCC).

7.3. A lingua galega no PEC.

Sabemos que no PEC debe figurar unha especie de Carta de Identidade do centro, na que se manifeste o que a comunidade educativa pensa sobre certos temas.

Pois ben, un deses temas é o papel que a lingua galega vai ter na vida do Centro e nas actividades educativas. De aí que cada centro deba definirse sobre o tratamento que se lles dará ás dúas linguas oficiais e sobre cales serán as grandes liñas que tentarán levar á práctica para acadar os obxectivos finais que sinala a lexislación: 1) a normalización lingüística na vida escolar e 2) asegurar ó seu alumnado unha real competencia nas dúas linguas oficiais.

Entres estas grandes liñas figuran algúns aspectos básicos, como poden ser:

- * A asunción da lingua galega como oficial do centro, coidando que a vida administrativa e as relacións coa comunidade se fagan preferentemente en galego, para así contribuír á súa normalización.
- * A decisión acerca de cal será a lingua a utilizar na etapa de educación infantil, así como a lingua na que se realizará a aprendizaxe da lectoescritura.
- * A utilización que se vai facer do galego como lingua vehicular, a partir das pautas fixadas pola Administración educativa, de xeito que se dea o medre progresivo que a lei sinala.
- * As liñas de avance en cada unha das etapas e ciclos, de maneira que a utilización dunha ou doutra lingua se faga dun xeito coherente.
- * A lingua na que estarán os materiais didácticos que se utilicen nas distintas áreas e niveis.

7.4. A lingua galega no PCC.

O PCC, como se sabe, é o documento que recolle a vertente académica da vida do Centro. Tódalas actividades de ensino-aprendizaxe se definen a partir duns obxectivos xerais, que supoñen unha concreción das intencións educativas enunciadas no PEC. Unha parte deses obxectivos xerais son especificamente lingüísticos.

Neles debe concretarse o gran obxectivo xeral de conseguir que os rapaces e rapazas acaden unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. E tamén o que fai referencia a unha progresiva presenza da lingua galega nos centros. Uns obxectivos que deben plasmarse en aspectos como:

- * as decisións acerca da utilización do galego como lingua vehicular (en qué niveis e en qué áreas se vai introducir progresivamente, cáles van ser os ritmos

que se marcarán, cáles van se-los materiais necesarios, etc.)

- * as medidas a adoptar para conseguir unha presenza normalizada da lingua galega na vida do centro.
- * o labor de sensibilización para a eliminación dos prexuízos lingüísticos que puidesen existir (entre o profesorado / entre o alumnado / entre as familias).
- * o labor de sensibilización para a promoción do uso da lingua galega en tódolos sectores da comunidade educativa.
- * o traballo específico dentro da área de Lingua Galega, e dentro das áreas nas que se empregue o galego como lingua vehicular.

5. Sobre a creación de actitudes positivas.

A normativa sinala que no plano xeral para o uso do idioma deben incluírse actividades dirixidas a unha valoración positiva do uso da lingua entre os membros da comunidade educativa. É natural que sexa así, dado que a existencia de actitudes positivas é esencial para que se dea un uso normal da lingua.

Tódolos datos indican que a competencia lingüística do profesorado e dun bo sector do alumnado é boa ou, cando menos, aceptable. Sen embargo, esa competencia non ten a correspondencia que debera na práctica: unha porcentaxe coñece o galego pero non o fala. Esa disociación, en bastantes casos, débese á existencia de actitudes negativas cara á lingua, baseadas moitas veces en rutinas ou prexuízos. A única maneira de ir modificando esa situación é a través de campañas que, proporcionando información e estímulos, busquen a modificación desas actitudes.

8.1. Algunhas actividades dirixidas ó fomento de actitudes positivas.

- * Organizar campañas orientadas á desaparición de prexuízos lingüísticos e ó fomento de actitudes positivas cara a lingua. Esas campañas poderían estar destinadas ás familias, ó profesorado ou ó alumnado.
- * Realizar carteis, adhesivos, slogans... promovendo o uso do galego.
- * Espallar entre o profesorado, o alumnado e os restantes membros da comunidade educativa todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua. Establecer un taboleiro permanente para recollelas.
- * Editar unha publicación periódica na que se recolla unha selección desas novas de interese.

- * Proporcionar información sobre materiais existentes, que permitan un incremento da docencia en lingua galega.
- * Utilizar todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións, etc.
- * Realizar charlas de todo tipo (con escritores/as; con sociolingüistas; con personaxes públicos que empreguen o galego na súa profesión...) para promover a utilización social da lingua.
- * Proporcionar información sobre a normativa que regula o uso da lingua, indicando en que medida nos afecta a cada un e cada unha de nós.